



CAMPO DE VOLUNTARIADO "PARQUE NATURAL DO XURÉS"

(MUÍÑOS-LOURENTE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
28/08-08/09/2025	18-30	Internacional	Medioambiental	15

LOCALIZACIÓN

Muíños é un concello do sur da provincia de Ourense situado na comarca da Baixa Limia, xusto na fronteira con Portugal.

O Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés comeza en Ourense e ao cruzar a liña que o separa de Portugal convértese no Parque Peneda-Gerés. Aquí os bosques non entenden de fronteiras. Un mundo de grandes árbores, lobos, corzos e cabalos salvaxes que hai 2.000 anos xa era atravesado de



norte a sur pola Vía Nova construída polos romanos para unir Astorga e Braga. Xa non pasan por aquí as leixións, pero a cambio pódense atopar grandes paisaxes nas vilas e camiños do Parque. Marabillas como a Fervenza da Data ou aldeas sorprendentes como Casolas, construída nun terreo cun vinte por cento de inclinación. E tamén, achados inesperados como o das vacas "cachenas", unha raza de pequeno tamaño con enormes cornos.

DESCRICIÓN DO CAMPO

Tomando as árbores como lenzos e a paisaxe como elemento invitado, preténdese converter o parque Outeiro de Cela nunha contorna referente e atractiva, chea de cores e obras de arte para as persoas visitantes que se acheguen a este concello.



Realizaranse as seguintes accións:

- Limpeza e rehabilitación de ruta de sendeirismo Muíños da Torrente
- Reforma do parque forestal Outeiro de Cela. Revisión da sinalización de todo o parque
- Proxecto de pintado de árbores no Parque Outeiro de Cela
- Charlas de sensibilización para a prevención e coidado dos bosques
- Construción de refuxios e comedeiros para aves, que se colocarán nas áreas afectadas polos incendios forestais para recuperar a avifauna



- Construción de refuxios para insectos polinizadores. Construiranse hoteis para insectos con pallets vellos e materiais naturais e de refugallo coa intención de mellorar a biodiversidade na contorna dos espazos queimados

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Actividades náuticas
- Xeolocalización pola Reserva Natural
- Recoñecemento de fauna e flora de montaña
- Observación dos ecosistemas forestais e de interpretación da paisaxe
- Actividades de identificación de rastros e sinais de fauna
- Rutas medioambientais, etnográficas e interpretativas polo parque natural e vilas dos arredores
- Obradoiros ambientais e de reciclaxe
- Vídeo-foro
- Xogos de rol
- Baños nas termas de Maus de Baños
- Visita a Allariz (burros da asociación ANDREA, Museo do Coiro, centro ambiental do Rexo, mercado da reserva da biosfera, ocio e baño en Allariz)

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Complexo do Corgo en Muíños (Ourense).

<http://www.concellomuinos.com/o-corgo>

INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

A recepción das persoas participantes o primeiro día será ás 19.00 h no Complexo do Corgo.

O campo remata o ultimo día despois do almorzo.



COMO CHEGAR

De Ourense a Muíños pódese viaxar por estrada nos autobuses de anpian.com.

Tamén podes conectar de Xinzo da Limia a Muíños en autobús con anpian.com. Para chegar a Xinzo da Limia pódese ir por estrada con avanzabus.com ou en tren ata A Gudiña e dende alí ata Xinzo coa empresa www.monbus.es.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acolledora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:



- Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.
- Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

QUE TRAER

- Útiles de aseo e toalla de ducha
- Saco de durmir, esteira e mochila para rutas
- Calzado adecuado para montaña e calzado deportivo
- Roupa: de deporte (suadoiros), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa adecuada para poder realizar o traballo con choiva ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (luvas, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...)

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude: camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude, con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude.

